



INFORMACIÓN XERAL PARA ESCOLAS E ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS

A Universidade de Santiago de Compostela pon a disposición da súa comunidade universitaria e do resto da cidadanía, a través da Área Deportiva, unha ampla oferta deportiva, tanto nas instalacións que posúe coma nas cedidas a tal fin, onde se pode atopar escolas e actividades físico deportivas relacionadas co benestar e o lecer, coa aprendizaxe deportiva, coas actividades acuáticas e na natureza, coas actividades aeróbicas e de acondicionamento físico, contando, para a súa dinamización, coa colaboración da Fundación USC.

Créditos ECTS: 1 por cada 25 sesións (60'), por cada 17 sesións (90') ou por cada 13 sesións (120'), [ver convocatoria](#).

Idade mínima: Tenis, 2020 / Natación, 2018 / Xadrez, 2016 / Atletismo, 2011/ Outras, 2010.

Prazas: [consultar convocatoria específica](#).

Duración: do 16/09 ao 31/05*. En maio publicaranse os cursos de verán. [Ver calendario](#).

Horario, lugar e importe: [consultar a convocatoria específica](#) de cada escola ou actividade físico deportiva. Os últimos 5/15 minutos de cada sesión (en función das necesidades) utilizaranse para saír de clase/recoller o material utilizado/comprobar a asistencia/ventilar...

DESCONTOS EN ESCOLAS E ACTIVIDADES	
Categoría A	Categoría B
50%*	25%*

*40 e 20% Tenis, 30 e 15% Sendeirismo e campus de Lugo.

(Ver información sobre [categorías](#) e documentación requirida)

Pago fraccionado, prazos e validez:

1º pago	2º pago	3º pago
Antes de iniciar a actividade.	Do 01/09 ao 10/11 para manter a praza.	Do 01/09 ao 02/03 para manter a praza.
16/09-30/11	01/12-09/03	10/03-31/05*

*Atletismo/natación nivel experto, 30/06, e Deportes de Balón, 30/04.

Modalidades de pago: tarxetas de débito ou crédito (Visa e MasterCard), pago en efectivo no banco.

Políticas de anulación e devolución de importes aboados: [consultar documento](#) anexo.

Apertura de inscrición:

Categoría	Atletismo/Tenis	Outras
A	01/09*	01/09
B e C	09/09	
	Tenis nivel experto (non matriculados no curso anterior) Require o visto bo do profesorado	
Única	09/09	

*Tamén abre o prazo para o alumnado das categorías B e C con matrícula do curso anterior ou grupo recomendado. En Tenis nivel experto (categoría única) só para alumnado con grupo recomendado, noutros casos o 09/09.

Matrícula e información: para matricularse en calquera escola ou actividade físico deportiva é necesario, en primeiro lugar, rexistrarse como [persoa usuaria da Área Deportiva da USC](#), despois, desde a conta creada, seleccionar a escola ou actividade física desexada e seguir os pasos indicados na aplicación da Área Deportiva <https://aplicacions.usc.es/deportes>.

En caso necesario, poderá facerse de xeito presencial nas Oficinas desta Área sitas na Piscina Universitaria (1º andar) do Campus Sur de Santiago e no Edificio da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, de 9:00 a 14:00 h. [Ver direccións](#).

A formalización da matrícula implicará o acatamento das instrucións do profesorado e a obriga de respectar a [Normativa da instalación](#). O seu incumprimento será causa de baixa na escola ou actividade físico deportiva.

Máis información en www.usc.gal/gl/servizos/area/deporte, no correo electrónico deporsec@usc.es ou nos teléfonos 8818-15071 e 8818-15073, tamén no correo electrónico servizodeportes.lugo@usc.es ou no teléfono 9828-23584.

Acceso ás instalacións deportivas da USC: todas as persoas usuarias rexistradas nesta Área Deportiva deberán dispor dunha tarxeta universitaria de identificación propia (TUI) que presentarán sempre no control de acceso.

Misión:

1. Educar en valores e competencias contribuíndo á formación integral das persoas.
2. Adquirir e consolidar hábitos de vida saudable para mellorar a nosa calidade de vida e o noso benestar.
3. Adquirir e reforzar, a través da práctica da actividade físico deportiva, diferentes habilidades, destrezas e actitudes que serán útiles e necesarias tanto para o desempeño dun futuro profesional como para a propia vida.

Reserva de dereito en favor da USC: para modificar os Regulamentos e as Normativas propias que sexan de aplicación nestes casos sempre e cando as necesidades desta Área o requiran. As versións modificadas serán publicadas en www.usc.gal/gl/servizos/area/deporte e nos taboleiros informativos da Área Deportiva da USC.